



ANTÍA LÓPEZ GÁNDARA

Alumna de 3º ESO A

1º Premio de narrativa breve (Grupo A): *O meu Instituto*

Inquedanza?... Medo?... Ilusión?... Todo iso mesturado e moito máis daba tumbos pola miña cabeza o día antes de comezar a andaina polo *Lucus Augusti*, o meu novo Instituto.

A pesar de deitarme cedo, fíxoseme moi difícil prender no sono, e debía ser xa moi tarde cando o conseguín.

De súpeto, escoitei xunto da miña orella “*cri, cri, cri*” e cando abrín os ollos, alí estaba un home non moi alto e con bastantes anos que, falando moi baixiño, dixo:

- *Tranquila. Non teñas medo que o pasarás ben e aprenderás moito.*

Eu tamén estudei nese Instituto, pero o edificio non era o mesmo. O teu é máis novo e bonito. Alí estudaron moitas persoas coñecidas.

Xa o verás.

Tan abraiada estaba que só atinei a preguntarlle o seu nome porque estaba segura de non coñecelo. Respondeume suavemente:

- *Son Ánxel, Ánxel Fole, o escritor.*
- *Xa sei quen es! Hai pouco lin un conto que escribiches da chanza do grilo e teño que dicirche que era un pouco raro.*
- *Ai, neniña! Era raro porque son historias que ninguén cre.*

“Cri, cri, cri, cri, cri, cri...”

Dun brinco sentei na cama e apaguei o espertador, que zumbaba coma un tolo. Todo tiña sido un soño, pero a realidade era que hoxe era o gran día.

Prepareime rapidamente e saín da casa para chegar con bastante tempo e ver se atopaba a alguén coñecido. Por desgraza non foi así. Por iso decidín entrar, por se estaban dentro.

Impactoume a amplitude da entrada e a cantidade de luz que chegaba do teito. Case sen decatarme, empecei a subir as escaleiras e pareceume entrar noutro mundo cando vin a cantidade de animais que había nas vitrinas. E lembrei que cando era moi pequeniña dicía que sería veterinario porque me encantaba xogar coas figuriñas de animais que se amontoaban en grandes caixas na miña casa. Nese intre, sentínme xa parte do *Lucus Augusti*.

Pasou un tempo dende entón, e aquí pasei momentos felices, e outros non tanto. Coñecín compañeiros que se converteron en amigos que me gustaría manter para sempre na miña vida. E houbo profesores que me fixeron ver que aprender é coñecer e comprender a vida para ser libre; e a eses, tamén os quero gardar no meu futuro.

Houbo recreos cheos de risas e algúns choros cando chegaban as notas, pero, de calquera maneira, é bonito pasar por aquí e vivir esta experiencia que eu non cambio por outra.

Así é o meu Instituto, un lugar para aprender, para medrar e, sobre todo, para vivir.